



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Con respecto á ZONA DE TRABALLO: Na zona E (dende Rande ata San Adrián) que en anos anteriores foi obxecto de inclusión en plans de explotación de distintas entidades, segundo as últimas mostraxes realizadas ten pouca superficie, ao facerse profunda con moita prontitude e aparecer zonas enlamadas moi preto da costa. A media de navallas atopadas é de 1,40 ind/ m², sendo o 22,22% de talla ilegal, o que supón 1,09 ind/ m² de talla legal. A superficie explotable na zona de mostraxe é moi pequena polo que se exclúe a zona E como de traballo para este plan.

Con respecto á PROPOSTA DE AMPLIACIÓN, non se aproba a ampliación do número de tripulantes que figura contemplada na proposta de plan, tendo en conta que non existe avaliación biolóxica das zonas de traballo, os datos aportados para o seguimento da explotación non son axeitados e non se subministran de forma regular, é necesario mellorar o sistema de puntos de control ante o deficiente funcionamento dos existentes, así como establecer un sistema de vixilancia, e conseguir, en definitiva, unha maior organización do colectivo.

Redúcese o tope de captura para a navalla quedando en 10 kg/tripulante/día, así como o número máximo de días autorizados quedando en 180.

Segundo o informe da sección de formación pesqueira emitido en data 31.10.2008 autorízase a realización das inmersións necesarias para a execución do plan sempre e cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente. Advírtese que a lle caduca a súa tarxeta o 02.03.2009 e a o día 19.07.2009.

No caso particular do emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente, considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta



técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario rotar as zonas de traballo, de xeito que tódolos mergulladores realicen a extracción na mesma zona, así como establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os cupos de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose un ticket nominativo

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...

(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo

(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire

(4): Indicar en negrita o que corresponda

(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...

(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....

(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos

(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente

(9): Este apartado corresponderalle cubriro á administración
